



Guía Docente				
Datos Identificativos			2016/17	
Asignatura (*)	Estancias Clínicas IV		Código	750G01028
Titulación	Grao en Enfermería			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Cobas Couto, Elvira	Correo electrónico	elvira.cobas@udc.es	
Profesorado	Cobas Couto, Elvira	Correo electrónico	elvira.cobas@udc.es	
	Miralles Frutos, Concepción		c.miralles@udc.es	
	Varela Feal, Nuria Esther		nuria.varela.feal@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Son estancias clínicas, correspondentes ao nivel intermedio de de a aprendizaxe práctica, nas que se lle esixe ao estudante un maior grao de profundización e integración dos concimient ^{os} adquiridos. Están dirixidas á incorporación dos estudantes en institucións sanitarias de atención primaria de saúde e no ámbito comunitario. Pretende a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes en situacións reais, de saúde-enfermidade e relacionadas con individuos e familias da comunidade.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario. Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas ,as súas familias e grupos. Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade. Actuar segundo os principios éticos e legais que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.		A62	C1
		B1	C3
		B3	C4
		B5	C7
		B6	C10
		B7	C11
		B8	C12
		B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	
		B14	
		B15	
		B16	
		B19	
		B20	
		B22	
		B24	

Contidos	
Temas	Subtemas
Practicas clinicas tuteladas,realizadas en Centros de Atencion Primaria de saúde.	Colaborar na atención de enfermaría na consulta do centro de atención primaria, en domicilio ou outros lugares da comunidade. Aplicar o proceso de atención de enfermaría

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	266	0	266



Traballos tutelados	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	1	33	34
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	Os alumnos realizarán estancias nos centros de saúde baixo a tutela e supervisión do profesional enfermeiro. É a aprendizaxe práctica no escenario real da enfermeira/ou comunitaria
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Refírese fundamentalmente á aprendizaxe de "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes de responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa técnica polo profesor-tutor

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Dirixida a tutorizar alumnos a través do aprendizaxe. Permite facer un seguimento do proceso de maduración das competencias.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Criterios de avaliación. 1.- Presentación e estrutura: ata 0.5 puntos. 2.- Claridade na redacción: ata 0.25 puntos. 3.- Capacidade de análise e síntese: ata 0.25 4.- Capacidade reflexiva, identificación de situacións/problemas e achega de solucións: ata 1 punto.	20
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Avaliarase por parte do profesional enfermeiro responsable da tutorización do alumno/a e mediante a ficha de avaliación da materia o resultado da aprendizaxe: Capacidade de traballo en equipo. Capacidade de comunicación. Aplicación do proceso de atención de enfermaría. Capacidade de incorporar á práctica os principios éticos e legais. Capacidade de realización correcta das técnicas e procedementos de coidados de enfermaría.	80

Observacións avaliación



PRÁCTICAS CLÍNICAS: Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas IV e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao. Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. As ausencias non xustificadas poden supor o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizárase no período establecido polo profesor antes do peche de actas. Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínicas e Traballos Tutelados). A non superación dunha das partes suporá a calificación de SUSPENSO na acta. A calificación numérica obtense establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 40% e Traballos Tutelados 10%) en cada unha das partes. O sistema de calificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de calificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de calificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresaliente. 9-10 Matricula de Honra (graciable). O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa calificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración para avaliar as actividades que se farán ao redor de dita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Traballo Tutelado) son a asistencia, compromiso individual, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, no traballo tutelado e as competencias adquiridas para esta materia.

Convocatoria de segunda oportunidade: En caso de non superar a materia ben porque non aprobara as prácticas clínicas, ou o traballo tutelado, deberá recuperar a parte suspensa pero gardaráselle a nota da outra parte, extraordinariamente e só con motivo de esta segunda oportunidade.

Caso de non superar a materia nesta segunda oportunidade do curso, teranse por suspensas as dúas partes.

A recuperación das prácticas clínicas en segunda oportunidade terá lugar no centro de saúde que con motivos de organización se lle poida asignar, a fin de que poidan estar rematadas e avaliadas antes do peche das actas do mes de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía recomendada básica para esta materia está relacionada coas materias que se recomenda ter cursadas e as que se debe cursar simultaneamente.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Nutrición/750G01009
 Farmacoloxía/750G01011
 Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012
 Enfermaría Comunitaria I/750G01014
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016
 Enfermaría Comunitaria II/750G01019
 Farmacoterapia/750G01024
 Estancias Clínicas I/750G01025

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías